

A DIFUSIÓN DA INFORMACIÓN Ó LONGO DA HISTORIA

Antes de que se inventase a escritura, todo o que os homes sabían gardábano na súa memoria. Como non había libros nin bibliotecas, todo o que quería aprender algo víase na obriga de aprendelo de memoria, escoitándoo doutra persoa. O que se sabía transmitíase de xeito oral, é dicir, contándollelo uns ós outros.

En inventándose a escritura, deron en poñerse por escrito todas as cousas importantes que ocorrían: as fazañas dos heroes, os grandes descubrimentos, as grandes ideas... Alí quedaba todo: na superficie dunha peza de arxila, dun anaco de pedra, dunha peza de madeira, de follas de palma, de papiro ou de pergameo.

Sen embargo, existían poucos libros, xa que se escribían a man. Por tal motivo, tamén resultaban moi custosos.

A mediados do século XV, Guttenberg perfecciona un sistema inventado polos chineses: a imprenta. A novidade da imprenta de Guttenberg foi que os tipos que empregou eran móbiles. Este sistema resultou de grande eficacia, xa que permitía imprimir moitos exemplares á vez, polo que o traballo se facía máis deprisa e se abarataban os custos. Por primeira vez, todos os que souberan ler tiñan ó seu alcance o coñecemento da Humanidade.

A invención de Guttenberg, mellorada, resultou fundamental ata mediados do século XX para transmitir a información.

En 1944 se constrúe o primeiro ordenador. Este feito supón o inicio dunha nova etapa no almacenamento e difusión da información. Dende 1981, a proliferación dos computadores persoales permite difundir a información a todo o mundo, abaratar os custos e evitar a tala indiscriminada de árbores.